

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

- 4131** *Real decreto 131/2010, do 12 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 332/1992, do 3 de abril, de autorizacións de centros privados para impartir ensinanzas de réxime xeral, o Real decreto 806/1993, do 28 de maio, de réxime de centros docentes estranxeiros en España, e o Real decreto 321/1994, do 25 de febreiro, de autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas, para as adecuar á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Lei orgánica, 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, establece no seu artigo 23 que a apertura e funcionamento dos centros docentes privados que impartan ensinanzas tanto de réxime xeral como de réxime especial se someterán ao principio de autorización administrativa. Este requisito de autorización previa está amparado pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, toda vez que no seu mantemento concorren as condicións de non-discriminación, necesidade e proporcionalidade. Neste sentido, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, non afectou a modificación da Lei orgánica, 8/1985, reguladora do dereito á educación.

O establecido na Lei 17/2009 afecta, no entanto, os procedementos e trámites para a obtención das autorizacións, que deberán ter carácter regrado, ser claros e inequívocos, obxectivos e imparciais, transparentes, proporcionados ao obxectivo de interese xeral e darse a coñecer con antelación. Procédese así á modificación dos procedementos de autorización de centros docentes e, en concreto, do Real decreto 332/1992, do 3 de abril, de autorizacións de centros privados para impartir ensinanzas de réxime xeral (artigo segundo), do Real decreto 806/1993, do 28 de maio, de réxime de centros docentes estranxeiros en España (artigo terceiro) e do Real decreto 321/1994, do 25 de febreiro, de autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas (artigo cuarto).

A fin de adecuar os procedementos de autorización de apertura e funcionamento de centros docentes á nova regulación relativa ao libre acceso ás actividades de servizos, en dúas das normas modificadas incluíuse unha fase previa de carácter voluntario para que o titular dun centro docente consulte coa Administración educativa a viabilidade do centro proxectado. Igualmente, reforzouse a idea de unidade do procedemento de autorización, eliminando toda mención a unha autorización previa e outra definitiva; reducíronse os prazos de resposta da Administración educativa; simplificáronse os procedementos de autorización; e identificáronse os supostos en que se exige solicitar unha nova autorización de apertura e funcionamento.

As normas cuxa modificación se propón carecen de carácter básico e a súa aplicación limitase ao territorio das cidades de Ceuta e Melilla, sobre os que o Ministerio de Educación mantén as competencias legislativas e de xestión, a excepción da modificación do artigo 16.1 do Real decreto 806/1993, do 28 de maio, de réxime de centros docentes estranxeiros en España (artigo segundo) por cuxo carácter básico foi solicitado o acordo das comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Educación.

Para a elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación e solicitouse o informe previo do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Ámbito de aplicación.*

O disposto nos artigos segundo e cuarto é de aplicación nas cidades de Ceuta e Melilla, así como o disposto no artigo terceiro polo que se refire á modificación dos artigos 15 e 16.2 do Real decreto 806/1993, do 28 de maio, de réxime de centros docentes estranxeiros en España.

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 332/1992, do 3 de abril, de autorizacións de centros privados para impartir ensinanzas de réxime xeral.*

Un. Engádesse un novo artigo 4 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 4 bis.

1. Antes da iniciación do procedemento de autorización administrativa para a apertura e funcionamento dun centro docente de ensinanzas de réxime xeral, será voluntaria unha fase previa de consulta, mediante a presentación por parte do solicitante dunha memoria resumo do proxecto, ante a correspondente dirección provincial do Ministerio de Educación.

Na memoria faranse constar as ensinanzas para as cales se solicita autorización, o número de postos escolares que se pretenden crear e a localización do centro, indicando, de ser o caso, as instalacións existentes.

2. No prazo de dous meses desde a presentación da memoria resumo, a correspondente dirección provincial do Ministerio de Educación notificará o resultado da consulta ao solicitante ou poderá manter unha reunión para dar a coñecer o seu contido.

3. O contido desta fase non condiciona o sentido da autorización de apertura e funcionamento do centro docente de ensinanzas de réxime xeral.»

Dous. O artigo 5 do Real decreto 332/1992, do 3 de abril, de autorizacións de centros privados para impartir ensinanzas de réxime xeral, queda modificado como segue:

«Artigo 5.

1. O expediente de autorización administrativa para a apertura e funcionamento dun centro docente privado iniciárase por instancia de parte, mediante solicitude dirixida ao ministro de Educación, a través da dirección provincial correspondente.

A solicitude poderase presentar na dirección provincial correspondente ou en calquera dos lugares determinados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De acordo co establecido no artigo 17.4 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, todos os trámites poderán ser realizados electronicamente.

2. A solicitude a que se refire o número anterior conterá os seguintes datos:

- a) Persoa física ou xurídica que promove o centro.
- b) Denominación que se propón.
- c) Localización xeográfica do centro.
- d) Ensinanzas para as cales se solicita autorización.
- e) Número de unidades e postos escolares que se pretenden crear.
- f) Declaración ou manifestación de que a persoa promotora do centro non se encontra incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 3 deste real decreto.
- g) Proxecto das obras que cumpra realizar para a construción do centro, que se axustará ás instalacións e condicións mínimas establecidas na lexislación vixente. De tratarse de inmobles xa existentes, deberán presentarse os planos das instalacións no seu estado actual e, de ser o caso, o proxecto das obras previstas

para o seu acondicionamento. En calquera caso, achegarase o título xurídico que xustifique a posibilidade de utilización dos inmobles afectados.

3. No suposto de que os documentos requiridos se encontraren xa en poder da Administración actuante, o interesado poderá exercer o dereito previsto no artigo 35, alínea f) da Lei 30/1992, indicando o órgano administrativo ao cal foron presentados ou polo cal foron emitidos, a data de tal presentación ou emisión e o procedemento a que corresponderen, sempre que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización deste.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. De a solicitude non reunir os requisitos a que fai referencia o número 2 deste artigo, a dirección provincial requirirá o interesado para que a repare no prazo de dez días, ampliable por cinco días máis, indicándolle que, de non o facer, será tido por desistido da súa solicitude, arquivándose esta sen máis trámite.»

Tres. O artigo 6 do Real decreto 332/1992, do 3 de abril, de autorizacións de centros privados para impartir ensinanzas de réxime xeral, queda modificado como segue:

«Artigo 6.

1. A solicitude, acompañada da documentación indicada no artigo anterior, será elevada á Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, que emitirá un informe preceptivo, que irá precedido do trámite de audiencia do interesado cando este proceda de acordo co artigo 84 da Lei 30/1992. No dito informe avaliarase a adecuación aos requisitos mínimos de instalacións do proxecto das obras para a construción do centro a que fai referencia o artigo 5.2.g. Cando se trate de instalacións existentes, avaliarase a adecuación destas ou, de ser o caso, das obras previstas para o seu acondicionamento aos requisitos mínimos de instalacións. O informe será emitido no prazo máximo dun mes desde a data en que o promotor do centro presentou a solicitude ou desde aquela en que, de ser o caso, completou a documentación a que se refire o artigo anterior.

2. Este acto de trámite non pon fin á vía administrativa e contra el poderase interpor recurso de alzada de acordo co establecido no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Catro. O artigo 7 do Real decreto 332/1992, do 3 de abril, de autorizacións de centros privados para impartir ensinanzas de réxime xeral, queda modificado como segue:

«Artigo 7.

1. No caso de que as instalacións existentes recibiren o informe favorable a que fai mención o artigo anterior, o interesado presentará á dirección provincial correspondente do Ministerio de Educación a relación do persoal de que disporá o centro desde o momento do inicio da súa actividade, con indicación das súas titulacións respectivas. Esta relación poderá ser substituída polo compromiso de achegala antes do inicio das actividades educativas.

No caso de que houber que realizar obras para a construción do centro docente ou para acondicionar as instalacións existentes e as ditas obras recibisen o informe favorable a que fai referencia o artigo anterior, o interesado, concluídas estas, comunicará a súa finalización á dirección provincial correspondente do Ministerio de Educación e presentará a relación do persoal de que disporá o centro desde o momento do inicio da súa actividade, con indicación das súas titulacións respectivas.

Esta relación poderá ser substituída polo compromiso de achegala antes do inicio das actividades educativas.

2. A Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, logo das verificacións oportunas realizadas pola dirección provincial correspondente, formulará proposta de resolución ao ministro de Educación, cumprindo previamente co trámite de audiencia. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

3. O ministro de Educación concederá a autorización de apertura e funcionamento do centro sempre que reúna os requisitos mínimos establecidos na lexislación vixente. A autorización de apertura e funcionamento non poderá ser denegada, por insuficiencia das instalacións propostas, se as obras foron realizadas conforme o informe preceptivo emitido pola Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial. Noutro caso, denegará a autorización mediante resolución motivada, que porá fin á vía administrativa.

A resolución, íntegra, será notificada ao titular do centro; a súa parte dispositiva será publicada no "Boletín Oficial del Estado".

4. A resolución ditarase no prazo máximo de dous meses contados a partir do momento en que o interesado comunique o recollido no número 1 deste artigo. De non recaer resolución expresa no dito prazo, observarse o disposto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

5. Na resolución pola que se autorice a apertura e funcionamento dun centro docente constarán os datos seguintes:

- a) Titular do centro.
- b) Domicilio, localidade, municipio e provincia.
- c) Denominación específica.
- d) Ensinanzas que se autorizan.
- e) Número de unidades ou postos escolares autorizados.

A modificación dalgúns dos datos sinalados requirirá a previa autorización administrativa nos termos previstos no título IV deste real decreto.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 806/1993, do 28 de maio, de réxime de centros docentes estranxeiros en España.*

Un. O 15 do Real decreto 806/1993, do 28 de maio, de réxime de centros docentes estranxeiros en España, queda modificado como segue:

«Artigo 15.

1. Emitido, de ser o caso, o informe do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, o órgano que corresponda da Administración educativa competente elaborará a proposta de concesión ou denegación da autorización e inscrición no prazo de dous meses, no caso de centros que impartan ensinanzas correspondentes a sistemas educativos de países da Unión Europea, e no prazo de catro meses, no caso de centros que impartan ensinanzas correspondentes a outros sistemas educativos estranxeiros. Cando se propoña a denegación, darase vista do expediente ao interesado para que alegue e presente os documentos e xustificacións que coide pertinentes.

2. Á vista do actuado e das alegacións presentadas, de ser o caso, polo interesado, a Administración educativa competente resolverá sobre a autorización e inscrición. A resolución correspondente poderá ser obxecto dos recursos que en cada caso procedan.

3. De igual modo se procederá, de ser o caso, para a cancelación.»

Dous. O 16 do Real decreto 806/1993, do 28 de maio, de réxime de centros docentes estranxeiros en España, queda modificado como segue:

«Artigo 16.

1. Os titulares dos centros estranxeiros en España están obrigados a solicitar da Administración educativa competente nova autorización e inscrición se se produce calquera variación nos elementos e circunstancias que deron lugar á certificación a que fai referencia o artigo 14.2.b deste real decreto, e en todo caso cando tales variacións afecten as ensinanzas ofertadas e o número de postos escolares.

2. Á solicitude razoada deberánselle xuntar os documentos acreditativos das variacións producidas que non consten no expediente previo e sobre aquela deberá resolverse seguindo os mesmos trámites e prazos establecidos para os expedientes de autorización e inscrición iniciais.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 321/1994, do 25 de febreiro, de autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas.*

Un. Engádesse un novo artigo 4 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 4 bis.

1. Antes da iniciación do procedemento de autorización administrativa para a apertura e funcionamento dun centro docente de ensinanzas artísticas será voluntaria unha fase previa de consulta, mediante a presentación por parte do solicitante dunha memoria resumo do proxecto, ante a correspondente dirección provincial do Ministerio de Educación.

Na memoria faranse constar as ensinanzas para as cales se solicita autorización, o número de postos escolares que se pretenden crear e a localización do centro, indicando, de ser o caso, as instalacións existentes.

2. No prazo de dous meses desde a presentación da memoria resumo, a correspondente dirección provincial do Ministerio de Educación notificará o resultado da consulta ao solicitante ou poderá manter unha reunión para dar a coñecer o seu contido.

3. O contido desta fase non condiciona o sentido da autorización de apertura e funcionamento do centro docente de ensinanzas artísticas.»

Dos. O artigo 5 do Real decreto 321/1994, do 25 de febreiro, de autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas, queda modificado como segue:

«Artigo 5.

1. O procedemento de autorización administrativa para a apertura e funcionamento dun centro docente privado iniciarase mediante solicitude de persoa interesada, dirixida á correspondente dirección provincial do Ministerio de Educación.

A solicitude poderá presentarse na propia dirección provincial ou en calquera dos lugares determinados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De acordo co establecido no artigo 17.4 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, todos os trámites poderán ser realizados electronicamente.

2. A solicitude irá acompañada dos seguintes datos e documentación:

a) Persoa física ou xurídica que promove o centro, con declaración ou manifestación de que non se encontra incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 3 deste real decreto.

- b) Denominación específica que se propón.
- c) Localización xeográfica do centro.
- d) Ensinanzas para as cales se solicita autorización, facendo mención expresa, de ser o caso, das especialidades ou ciclos.
- e) Número de postos escolares que se pretenden crear.
- f) Documentación relativa ás instalacións do centro, as cales deberán cumprir o disposto no Real decreto 389/1992, do 15 de abril. Así mesmo, deberá presentarse título xurídico e, de ser o caso, documentación complementaria, que xustifique a posibilidade de utilización dos inmobles afectados.
- g) Horario de funcionamento do centro.
- h) Relación do profesorado de que disporá o centro desde o momento do inicio da súa actividade con indicación da súa titulación. Esta relación poderá ser substituída polo compromiso de achegala antes do inicio das actividades educativas.

3. A documentación a que se refire a alínea f) do número anterior será:

- a) No caso de inmobles xa existentes en que non sexan precisas obras de acondicionamento: planos das instalacións no seu estado actual.
- b) No caso de que sexa precisa a realización de obras para a construción ou adecuación do inmovible: proxecto das obras que cumpra realizar para a súa construción ou acondicionamento.

4. No suposto de que os documentos requiridos se encontraren xa en poder da Administración actuante, o interesado poderá exercer o dereito previsto no artigo 35, alínea f) da Lei 30/1992, indicando o órgano administrativo ao cal foron presentados ou polo cal foron emitidos, a data de tal presentación ou emisión e o procedemento a que corresponderen, sempre que non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización deste.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

5. De a solicitude non reunir os requisitos a que fan referencia os números 2 e 3 deste artigo, a dirección provincial requirirá o interesado para que a repare no prazo de dez días, ampliable por cinco días máis, indicándolle que, de non o facer, será tido por desistido da súa solicitude, arquivándose esta sen máis trámite.»

Tres. O artigo 6 do Real decreto 321/1994, do 25 de febreiro, de autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas, queda modificado como segue:

«Artigo 6.

1. No suposto de inmobles xa existentes en que non sexan precisas obras de acondicionamento, a dirección provincial, logo das verificacións oportunas, informará de maneira preceptiva sobre a solicitude e remitirá o expediente, co seu informe, á Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial.

De acordo co establecido no artigo 80.2 da Lei 30/1992, o órgano instructor poderá acordar a apertura dun período de proba para a súa posterior práctica.

2. A Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial formulará proposta de resolución ante o ministro de Educación, cumprindo previamente co trámite de audiencia. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo o interesado.

3. O ministro de Educación concederá a autorización de apertura e funcionamento do centro sempre que reúna os requisitos mínimos establecidos na lexislación vixente; noutro caso, denegará a autorización.

A resolución, que será motivada, será notificada integramente ao titular do centro; a súa parte dispositiva será publicada no "Boletín Oficial del Estado".

4. A resolución ditarase no prazo máximo dun mes e porá fin á vía administrativa.»

Catro. O artigo 7 do Real decreto 321/1994, do 25 de febreiro, de autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas, queda modificado como segue:

«Artigo 7.

1. No suposto de que sexa precisa a realización de obras para a construción ou adecuación do inmovible, a dirección provincial remitirá o proxecto de obras á Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, que emitirá informe preceptivo sobre a adecuación deste aos requisitos mínimos que, en canto a instalacións, sinala a lexislación vixente para as distintas ensinanzas.

2. O informe preceptivo da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, que irá precedido do trámite de audiencia do interesado cando este proceda de acordo co artigo 84 da Lei 30/1992, deberá producirse no prazo máximo dun mes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

3. Este acto de trámite non pon fin á vía administrativa e contra el poderase interpor recurso de alzada de acordo co establecido no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Realizadas as obras que recibiron informe positivo de acordo co establecido nos números anteriores deste artigo, o interesado comunicará a finalización delas á correspondente dirección provincial do Ministerio de Educación.

5. A Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, logo das verificacións oportunas realizadas pola dirección provincial correspondente, formulará proposta de resolución ante o ministro de Educación, cumprindo previamente co trámite de audiencia. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

6. O ministro de Educación concederá a autorización de apertura e funcionamento do centro sempre que reúna os requisitos mínimos establecidos na lexislación vixente; noutro caso, denegará a autorización. A autorización de apertura e funcionamento non poderá ser denegada por insuficiencia das instalacións propostas, se as obras foron realizadas conforme o informe preceptivo emitido pola Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial.

7. A resolución, que será motivada, será notificada integramente ao titular do centro; a súa parte dispositiva será publicada no "Boletín Oficial del Estado".

8. A resolución a que se refire o número sexto ditarase no prazo máximo de dous meses, contados a partir da comunicación da finalización das obras á dirección provincial. De non recaer resolución expresa no prazo sinalado, observarase o disposto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.»

Disposición derradeira primeira. Carácter básico.

O disposto no artigo terceiro deste real decreto, en relación á modificación do artigo 16, punto primeiro, do Real decreto 806/1993, do 28 de maio, de réxime de centros docentes estranxeiros en España, ten carácter de norma básica e dítase ao abeiro do

disposto no artigo 149.1.1.º, sobre regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e 30.º da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia para ditar normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, a fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL